- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF).
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 83 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma de la Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora de las Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local coa modificación introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, para a modernización do goberno local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL)
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Liquidación e Resultado Orzamentario

Da normativa reseñada, e máis concretamente, dos artigos 191.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en adiante TRLRFL, e artigo 93.1 do R.P, aprobado polo Real Decreto 500/1990, o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados.
- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.
- Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos. 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.P, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 84 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Os Remanentes de crédito
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poda facerse unha comparativa dos estados de execución, pagos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

O **Resultado Orzamentario** do exercicio (art. 96 R.P. e OMEH 4041/2004.), virá determinado pola diferenza entre:

- Os dereitos orzamentarios liquidados por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados; e as obrigas recoñecidas por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas, conformando estas dúas magnitudes o resultado das operacións correntes. Do mesmo xeito, calcularase o resultado das operacións de capital non financeiras. O resultado será o chamado Resultado Orzamentario do exercicio por Operacións non financeiras (RPENF).
- Calcularase igualmente, o resultado das operacións financeiras pola diferenza entre os valores netos dos dereitos recoñecidos por activos e pasivos financeiros e as obrigas recoñecidas netas.

O resultado anterior, dará lugar ao cálculo do Resultado Orzamentario do exercicio, que deberá ser obxecto de axustes. En execución do previsto no art. 97 R.P, o resultado deberá axustarse por:

- As desviacións de financiamento, derivadas de gastos con financiamento afectado tanto positivas como negativas, e
- Os créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias que sexan financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

As operacións de liquidación do Orzamento, documentadas no modelo de Estado de Liquidación do Orzamento, reflectirá, respecto ao Orzamento de Gastos, os correspondentes "remanentes de crédito", constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (artigo 175 do TRLRFL, e artigo 98 R.P), e porá de manifesto os créditos orzamentarios, os comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos e as obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 85 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Remanente de Tesourería

O Remanente de Tesourería regulado polo artigo 191.2 do TRLRFL, artigos 101 a 104 do R.P. e Regras 81 a 86 da Orde de EHA 4041/20014, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

Fondos líquidos de Tesourería a fin de exercicio.

- Saldos das contas que integran o subgrupo 57, Regra 84 da IMNCL (contas 570, 571, 573, 574.1, 575.1, 575.9, 577 e 578).

Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, Regra 85 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:

- De Orzamento Corrente, conformados polos saldos das divisionarias da conta 430.
- De Orzamento Pechados, conformados polos saldos das divisionarias da conta 431.
- De dereitos pendentes de saldos de debedores non orzamentarios, conformados polas seguintes contas: 260, Fianzas constituídas a longo prazo, 265, Depósitos constituídos a longo prazo, 440, Debedores por IVA repercutido, 442, debedores por servizos de recadación, 449, Outros debedores non orzamentarios, 470, 471, correspondentes a saldos debedores con Administracións Públicas, 472, Facenda Pública por IVA soportado, 565, 566, Fianzas e Depósitos constituídos a curto prazo saldo debedor e saldo debedor da conta 456.

minorados con:

- Ingresos pendentes de aplicación: conta 554 e 559, tendo en conta as súas divisionarias.
Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio, Regra 86 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Pendentes de pagamento de exercicio corrente, conta 400.
- Pendentes de pagamento de exercicios anteriores, conta 401.
- De saldos de contas de acredores non orzamentarios: conta 180, 185, Fianzas e Depósitos recibidos a longo prazo, conta 410, acredores por IVA soportado, 414, Entes públicos acredores por recadación de recursos, a divisionaria da 416, polas ordes de pagamento non orzamentarias que están pendentes de pagamento, 419, Outros acredores non orzamentarios, 453, Entes Públicos por ingresos pendentes de liquidar, 456, Entes Públicos c/c en efectivo, 475, 476, saldos acredores de Administracións Públicas, 477, Facenda Pública IVA repercutido, 502, 507, 522 e 525 por empréstitos e Operacións de Tesourería, 560, 561, Fianzas e Depósitos recibidos a curto prazo.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 86 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

minorados con:

➤ Saldo da conta 555 e 558.1, Pagamentos pendentes de aplicación e provisións para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación.

O Remanente de Tesourería total conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:

- Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fixe a propia entidade, de acordo co establecido no artigo 191.2 do TRLRFL e 103 do R.P., así como nas Bases de Execución do Orzamento.
- Polo exceso de financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería, unha vez así calculado, se resultase cun saldo "positivo", conforma un remanente para gastos xerais, constituíndo un recurso para financiar modificacións de crédito no orzamento do exercicio seguinte (artigos 177.4 e 182 do TRLRFL, e artigos. 36, 48 e 104.2 do RP), sempre dentro dos límites que establece o artigo 12 da LOEOeSF en canto ao cumprimento da Regra de Gasto e do Teito de Gasto.

No caso de liquidación do orzamento con Remanente de Tesourería "negativo", o Pleno da Corporación procederá, na primeira sesión que celebre con posterioridade á aprobación da liquidación orzamentaria, á redución de gastos no Orzamento por unha contía igual ao déficit producido, e de non ser posible a redución do gasto, poderá concertar unha operación de crédito (nos termos e co quórum requirido polo artigo 177.5 do TRLRFL en relación co artigo 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local LBRL, polo importe do Remanente de Tesourería negativo.

Incorpóranse de seguido os estados de execución dos orzamentos aos efectos de facer a avaliación sobre os mesmos.

Estado de gastos

Capítulos	Estado de gastos do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo						
	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Obrigas R. Netas	% S/ definitivos	Pagos	% S/ Obrigas



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 87 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I	4.066.948,00	,00	4.066.948,00	3.684.194,24	90,59%	3.684.194,24	100,00%	,00
II	1.891.506,45	581.443,60	2.472.950,05	1.413.529,47	57,15%	1.310.365,25	92,70%	103.164,22
IV	1.368.856,73	,00	1.368.856,73	1.368.856,73	100,00%	1.368.856,73	100,00%	,00
VI	326.768,82	2.541.164,19	2.867.933,01	599.833,34	20,91%	581.858,02	97,00%	17.975,32
VII	50.000,00	4.663.247,05	4.713.247,05	217.262,71	4,61%	186.262,71	85,73%	31.000,00
VIII	25.000,00	,00	25.000,00	15.000,00	60,00%	12.000,00	80,00%	3.000,00
TOTAL	7.729.080,00	7.785.854,84	15.514.934,84	7.298.676,49	47,04%	7.143.536,95	97,87%	155.139,54

Estado de Ingresos

Capítulos	Estado de ingresos do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo							
	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Dereitos R. Netos	% S/ definitivos	Recadación	% S/ D.R.Netos	DR. Pendentes
III	1.345.100,00	,00	1.345.100,00	1.388.415,64	103,22%	1.338.815,64	96,43%	49.600,00
IV	6.348.980,00	286.418,60	6.635.398,60	6.635.398,60	100,00%	6.429.698,60	96,89%	205.700,00
V	10.000,00	35.000,00	45.000,00	35.200,02	78,22%	35.200,02	100,00%	,00
VI	,00	,00	,00	,00	0,00%	,00	0,00%	0,00
VII	,00	1.109.650,40	1.109.650,40	1.172.266,31	105,64%	1.172.266,31	100,00%	,00
VIII	25.000,00	6.354.785,84	6.379.785,84	12.000,00	48,00%	2.125,00	17,71%	9.875,00
TOTAL	7.729.080,00	7.785.854,84	15.514.934,84	9.243.280,57	100,91%	8.978.105,57	97,13%	265.175,00

Os valores que se amosan nos estados liquidatorios, teñen incorporadas as porcentaxes de execución. No estado de gastos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes de pagamento ao peche. No estado de ingresos, os recoñecementos de dereitos, a recadación neta e os ingresos pendentes de cobro ou de aplicación. Neste último caso, non se aplicaron á tesourería os dereitos recoñecidos que financiarán a incorporación de remanentes.

Estado de gastos

Na análise dos estados de execución, pódese dicir, que a principal razón da baixa porcentaxe de recoñecemento de obrigas, 47,04 por 100, radica en gran



medida na inclusión no capítulo VII das partidas de subvencións para rehabilitación de vivendas como consecuencia das aportacións feitas por outras administracións para ese fin. Ditos créditos deberán ser obxecto de incorporación de remanentes por ter un financiamento afectado.

Das obrigas recoñecidas (7.298.676,49 euros) foron pagadas un 97,87 por 100, porcentaxe moi similar, lixeiramente inferior á do exercicio 2018.

Os indicadores de execución máis baixos en relación co crédito definitivo corresponden aos capítulos VI e VII. O capítulo I, tivo unha execución do 90,59 por 100, porcentaxe alto se se ten en conta que hai varias vacantes sen cubrir. En canto ao capítulo II, a súa execución foi dun 57,15 por 100, practicamente idéntica á do exercicio anterior.

Estado de ingresos

Os niveis de execución dos estados de ingresos son claramente superiores aos do exercicio anterior. A principal causa é que no exercicio 2019 axustáronse as previsións do capítulo III á vista dos datos de execución do exercicio anterior. Acadouse unha execución dos dereitos recoñecidos en relación coas previsións definitivas do 100,91% por 100 fronte ao 78,26 por 100 do ano 2018. Polo que respecta á recadación, supuxo o 97,13 por cento fronte ao 97,49 por 100 do ano 2018. No indicador non se está a tomar en consideración o financiamento con remanentes.

Das previsións feitas de ingresos propios do Organismo, previstos no capítulo III do estado de ingresos, recoñecéronse dereitos por un 103,22 por 100 sobre as previsións definitivas, fronte ao 94,99 por 100 do ano 2018. Como se dixo, neste exercicio realizouse un incremento nas previsións de ingresos propios, en resposta aos indicadores de execución do exercicio anterior. A recadación deste capítulo tivo unha porcentaxe alta, representou un 96,43 por 100 sobre os dereitos recoñecidos.

O nivel de execución do estado de gastos, xunto coa coherencia entre o previsto e o recoñecido, ten uns efectos positivos na liquidación dos estados orzamentarios, xerando un Remanente de tesourería positivo.

A dependencia da Entidade Matriz, aumenta respecto do exercicio anterior. Hai que ter en conta que unha parte do estado de gastos da Xerencia de Urbanismo pasa ao Concello pola transferencia de persoal.

Xerencia M. Urbanismo

% de dependencia da Entidade Matriz (IV e VII/ DRN) período



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 11/02/2020 11:39

Páxina 89 de 100

EXPEDIENTE 12225_407

CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
	80,67	54,14	76,8	54,09	41,64	64,26

Cálculo do Resultado Orzamentario e estado do mesmo.

Hai axustes no cálculo desta magnitude, xa que se executaron gastos con financiamento afectado, polo que hai desviacións negativas e positivas.

O resultado en termos de gastos e dereitos liquidados por operacións correntes non financeiras, sen axuste é de 1.944.604,08 euros.

O saldo do resultado orzamentario axustado, é positivo en 1.061.368,04 euros.

Os proxectos que son obxecto dos axustes, figuran no estado de desviacións de financiamento afectado, estado MEM 2041_04, que resumido ten as seguintes desviacións:

Desviacións proxectos con financiamento afectado			
Desviacións do Exercicio		Desviacións Acumuladas	
Positivas	Negativas	Positivas	Negativas
1.377.848,68	494.612,64	5.475.898,97	,00

Resultado Orzamentario	Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo		
	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes
			Resultado Orzamentario



a) Operacións correntes	8.059.014,26	6.466.580,44	1.592.433,82
b) Transaccións de capitais	1.172.266,31	817.096,05	355.170,26
c) Activos Financeiros	12.000,00	15.000,00	-3.000,00
d) Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
1. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	9.243.280,57	7.298.676,49	1.944.604,08
Axustes			
3. Créditos gastados financiados con RTGX		0,00	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio		494.612,64	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio		1.377.848,68	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			1.061.368,04

Unha vez feitos os axustes tanto polas desviacións positivas como negativas do exercicio, o resultado é de 1.061.368,04 euros positivos, fronte aos 985.167,38 euros positivos do ano 2018. En todo caso, é necesario continuar coa planificación na execución do gasto, de tal xeito que se vaia executando o estado de gastos en función da recadación e cumprimento das previsións de ingresos.

Por sétimo ano consecutivo, o resultado orzamentario é positivo, como consecuencia dunha orzamentación, en canto as previsións de ingresos, máis acorde coa conxuntura económica, xerando unha situación de mellora na tesourería. Hai que destacar que se superaron as previsións dos conceptos 32100 e 32200.

Cálculo do Remanente de Tesourería.

O Remanente de Tesourería total, calculado de acordo ao previsto nas Regras 81 a 87 da IMNCL, ten un resultado positivo de 14.751.007,30 euros, moi superior ao resultado do exercicio 2018.

Estado de Remanente de Tesourería



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 91 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Compoñentes	Ano 2019	
1. (+) Fondos Líquidos	13.615.224,57	13.615.224,57
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		2.049.458,18
(+) Do Orzamento Corrente	265.175,00	
(+) De Orzamentos Pechados	1.756.882,67	
(+) De Operacións non Orzamentarias	27.400,51	
3. (-) Obrigas pendentes de Pagamento		756.823,43
(+) Do Orzamento Corrente	155.139,54	
(+) De Orzamentos Pechados	358,72	
(+) De Operacións non Orzamentarias	601.325,17	
4.(+) Partidas pendentes de aplicación		-156.852,02
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitivas	156.852,02	
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)		14.751.007,30
II Saldos de dubidoso cobro		1.685.650,09
III Excesos de financiamento afectado		5.475.898,97
IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)		7.589.458,24

Existen saldos pendentes de cobro de exercicios pechados por unha contía de 1.756.882,67 euros, cunha recadación no exercicio do 12,90 por 100, 260.271,04 euros. Dos saldos pendentes de cobro, 1.482.949,56 euros, corresponden ao capítulo III do estado de ingresos. A dotación para saldos de dubidoso cobro que se está a facer pola contía de 1.685.650,09 euros, representa un 95,94 por 100 do total, e realizouse segundo o criterio xeral previsto nas bases de Execución do orzamento para a dotación de saldos de dubidoso cobro.

Dotación a saldos de dubidoso cobro

ANOS	COEFICIENTES	CAPÍTULOS
------	--------------	-----------



1	0,80	I,II,III e V
2	0,85	I,II,III e V
3	0,90	I,II,III e V
4	0,95	Todos
5 ou máis	1,00	Todos

Dereitos e obrigas orzamentarias pendentes de cobro e de pagamento de exercicio corrente e de exercicios pechados ao peche do exercicio

Capítulo orzamentario	Exercicio corrente		Exercicios pechados	
	Dereitos pendentes	Obrigas pendentes	Dereitos pendentes	Obrigas pendentes
I	,00	,00		,00
II	,00	103.164,22		,00
III	49.600,00	,00	1.482.949,56	,00
IV	205.700,00	,00	20.138,38	,00
VI	,00	17.975,32		,00
VII	,00	31.000,00	249.944,73	,00
VIII	9.875,00	3.000,00	3.850,00	,00
Total	265.175,00	155.139,54	1.756.882,67	,00

Estado de saldos non orzamentarios que conforman o Remanente Líquido de Tesourería

Saldos non orzamentarios			
Debedores	Acredores	Ingresos pendentes aplicación	Pagos pendentes de aplicación



27.400,51	601.325,17	156.852,02	,00
-----------	------------	------------	-----

Os saldos debedores correspóndense coa conta de anticipos e préstamos concedidos.

Os saldos acredores, atópanse basicamente nas contas coa Facenda Pública, Fianzas e depósitos, Tesourería da Seguridade Social, e outros acredores non orzamentarios.

Figuran cobros pendentes de aplicación definitiva por importe de 156.852,02 euros. 83.998,76 euros son ingresos procedentes dos alugueres de vivendas municipais. A conta 55437, cobros pendentes de aplicación, presenta un saldo de 72.853,26 euros.

O importe dos cobros realizados pendentes de aplicación definitiva ten influencia sobre o Remanente de Tesourería, que nun principio se ve rebaixado por ese importe.

Tesourería

O saldo líquido da tesourería ao peche do ano 2019, acadou un importe de 13.615.224,57 euros, superior á liquidez ao peche do ano 2018 en 2.113.041,97 euros.

Hai, sen lugar a dúbidas, unha consolidación da mellora na situación financeira do Organismo Autónomo, que ten o seu fundamento na adecuación do estado de ingresos a conxuntura económica, e dicir, unhas previsións máis realistas e unha adecuación á execución dos gastos.


Aforro neto

A fórmula de cálculo desta magnitude é a prevista no artigo 53.1 do TRLRFL.

Aforro neto = \sum Dchos. Rec.netos, capítulos I a V de ingresos - \sum [(Obl.recon.netas-Obr.Rec.RTGX) + anualidade teórica de amortización III,IX] (\pm) axustes

"A diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, deducidas aquelas que están financiadas con Remanente Líquido de Tesourería, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación de endebedamento proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso... a anualidade teórica de amortización..., determinarase en todo caso, en términos constantes..."

Ademais, aos efectos do seu cálculo, deducirase dos ingresos correntes non financeiros, aqueles que están afectados a operacións de capital, entre outros as contribucións especiais asociadas a investimentos, os ingresos de aproveitamentos urbanísticos, os ingresos e Patrimonio Municipal do Chan afectados a

	Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 94 de 100
	EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

investimentos. Igualmente, deberanse deducir aqueles outros que non teñan o carácter de estables ou permanentes.

Capítulo	Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo			
	Dereitos Recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas netas	Axustes	Aforro
I		-3.684.194,24		
II		-1.413.529,47		
III	1.388.415,64			
IV	6.635.398,60	-1.368.856,73		
V	35.200,02			
Aforro sen axustes	8.059.014,26	-6.466.580,44		1.592.433,82
(-) Aproveitamentos Urbanísticos contab. No concepto 397			,00	
(-) Contribucións especiais			,00	
Axustes			,00	
Aforro Bruto				1.592.433,82
(+) Obrigas financiadas con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais			,00	
Aforro Neto				1.592.433,82

Unha vez feitos os axustes correspondentes, resulta un aforro neto de 1.592.433,82 euros, superior ao aforro neto do ano 2018 de 1.054.198,61 euros.

O cálculo da anualidade teórica de cada unha das operacións de préstamo ou endebedamento, en termos constantes, non procede, xa que o Organismo Autónomo non ten concertada operación algunha de endebedamento.

Non se financiaron obrigas con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, polo que non corresponde facer o axuste. Non foi contabilizado ingreso algún no concepto 397. Non hai rexistro algún por ingresos derivados da imposición de contribucións especiais.

En todo caso, tendo en conta que este Organismo Autónomo non concerta operacións de débeda, que a Entidade Matriz é quen ten que dar conta dun aforro neto positivo nos termos do perímetro de consolidación, o dato de aforro neto dos OO.AA, non ten máis repercusión, tendo a súa explicación nuns maiores ingresos que no ano precedente.



Nivelación Orzamentaria Interna

- Ingresos ordinarios: Capítulos III, IV e V (Taxas e outros ingresos ,Transferencias correntes e Ingresos Patrimoniais).
- Gastos ordinarios: Capítulos I (Gastos de Persoal), II (Gastos en bens correntes e servizos) e IV (Transferencias correntes).

A comparación de ingresos e gastos "ordinarios", que se diferencia da clasificación orzamentaria de "correntes", pola exclusión das contribucións especiais (recurso extraordinario afecto a gastos de investimento) e a inclusión das amortizacións financeiras (por ser gasto ordinario), permite deducir se existe aforro, ou diferenza positiva entre recursos e gastos "permanentes", o que, indirectamente, reflicta se se cumpre "a afectación legal de recursos a gastos de investimento", cuxa comprobación derívase da confrontación dos ingresos e os gastos "extraordinarios" que se diferencian dos de "capital" da clasificación orzamentaria, pola inclusión e exclusión recíprocas sinaladas anteriormente, como se dixo, ao non existir ingresos de contribucións especiais nin amortización de endebedamento, a nivelación interna, o aforro neto legal e o aforro económico son iguais, sen prexuízo dos axustes que en cada caso procedan.

Estabilidade Orzamentaria

O Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria, o artigo 16 da precitada norma, impón á Intervención Local a obriga de elevar ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Este informe terá carácter independente e incorporarse ao emitido de acordo ao previsto no artigo 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. O artigo 11 da Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece a obriga de que a aprobación, execución e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das administracións públicas, quedarán sometidas ao principio de estabilidade orzamentaria.

Cálculo da Regra de Gasto

A regra de gasto á que fai referencia o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEOeSF, establece que a variación do gasto computable da Administración Central, as Comunidade Autónoma e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

A regra de gasto debe cumprirse para o gasto da Corporación Local unha vez consolidadas e eliminadas as transferencias dadas entre as unidades que integran a Coporación Local e que se inclúen no artigo 2.1 da Lei 2/2012, polo que se remite á análise que se realice no expediente de liquidación do Orzamento



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 96 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Remanentes de Crédito

Remanentes Comprometidas		Remanentes non comprometidas	
Incorporables	Non Incorporables	Incorporables	Non Incorporables
153.704,39	,00	8.062.553,96	,00

Os remanentes de crédito nos casos en que sexa posible, serán obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporarán, salvo renuncia expresa, todos aqueles gastos asociados a proxectos que teñan financiamento afectado, así como aqueles outros, que con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen incorporados xa no ano precedente e non teñan financiamento afectada.

O saldo dos remanentes de crédito que xorden da liquidación do orzamento que non teñen financiamento afectado, non serán incorporados ao orzamento do ano 2020 por distintas causas: en primeiro lugar por non cumprirse a condición de estar comprometidos e por non estar en algunha das excepcións previstas no artigo 182 do TRLRFL, en segundo lugar, por non dar cumprimento a regra de gasto.

Unha das excepcións previstas é a existencia de financiamento afectada asociada a algún dos saldos que conforma os remanentes. Do remanente de tesourería, ponse de evidencia un exceso de financiamento por unha contía de 5.475.898,97 euros, que deberá ser obxecto dunha modificación orzamentaria para a súa incorporación como remanentes con financiamento afectado. A execución destes gastos, non terán a condición de computables aos efectos da regra de teito de gasto, por tratarse de financiamento doutras administracións públicas coa condición de recursos afectados aos devanditos proxectos.

Así mesmo, os gastos que figuran no capítulo VII, teñen ademais a condición de gastos comprometidos, polo tanto, están a cumprir dúas condicións, estar na excepción prevista no artigo 182 do TRLRFL e ademais, ter a cualificación de financiamento afectado.

Modificacións Orzamentarias

Institución	Créditos Extraordinarios	Suplementos de Crédito	Ampliacións de Crédito	Transferencias		Incorporacións Remanentes	Xeracións de créditos	Baixas por anulación	Total
				Positivas	Negativas				



Xerencia urbanismo	1.678.869,37	,00	,00	108.290,83	108.290,83	4.675.916,47	1.510.549,40	79.480,40	7.785.854,84
--------------------	--------------	-----	-----	------------	------------	--------------	--------------	-----------	--------------

As modificacións orzamentarias, correspóndense coa incorporación de remanentes por proxectos que teñen o financiamento afectado e coas xeracións de crédito por alugueres de vivendas e polas subvencións de capital recibidas da Administración central e Autonómica para o fomento do Plan de vivenda. O crédito extraordinario habilitouse para devolver o importe da venda de parcela do Gorxal por sentenza xudicial, aboar as diferencias de valoración fixadas polo Xurado de Expropiacións de Galicia no expediente expropiatorio da Cidade da Xustiza, e financiar expropiacións e outros investimentos en bens de uso público.

Indicadores máis relevantes

Os indicadores conforman ferramentas para medir e comparar resultados. Neste caso, tan só serán obxecto de medición, xa que a comparación farase cando se elabore a memoria da Conta Xeral.

Medida	Valor
Liquidez (tesourería/ acredores orzamentarios e non orzamentarios)	17,99 veces
Execución do estado de gastos (Créditos definitivos/obrigas R. netas)	47,04%
Realización de pagamentos (Pagamentos netos/ obrigas R. netas)	97,87%
Período medio de pagamento (Obrigas pendentes pagamento/ obrigas R. Netas) x 365 días	7,76 días
Execución do estado de ingresos (previsións definitivas/dereitos R. netos), excluindo financiamento de remanentes	100,91%
Realización de cobros (Recadación neta/dereitos R. netos)	97,13%
Realización de pagamentos de exercicios pechados (pagamentos realizados/Saldo inicial + modificacións)	98,76%
Realización de recadación de pechados (cobros realizados/Saldo inicial + modificacións)	12,90%
Grado de dependencia (DR netos IV, VII /Gasto total)	81,38%
Grado de cobertura (Dereitos R. Netos Correntes/Obrigas R. Netas correntes)	124,08%
Autonomía (I,II,III,V,VI e VIII/DRNT)	15,53%
Autonomía fiscal (I,II,III/DRNT)	15,02%

Os indicadores en xeral, mantense en niveis similares aos do exercicio anterior, sufrindo lixeiras variacións en aspectos concretos.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 98 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O grado de dependencia foi maior que no ano 2018.

O período medio de pagamento, segue cumprindo co regulamentado na Lei 15/2010 e co previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como o regulamentado no Real Decreto 635/2014. En relación co PMP económico, os prazos de pago, son moi baixos, estase a recibir as facturas, fiscalizalas, contabilizalas e facer o pago en prazos que oscilan entre 7 e 8 días.

As principais magnitudes de interese presentan un saldo positivo, polo que o ano 2020, seguirase cun control estrito sobre a evolución dos estados orzamentarios.

A liquidez é suficiente para facer fronte a todas obrigas, tanto orzamentarias como non orzamentarias, en 17,99 veces, similar a medida do ano anterior.

En canto a recadación de exercicios pechados, aumentouse sensiblemente respecto do exercicio 2018.

Os saldos de pechados, sobre todo os do capítulo III pola súa importancia, e os do VII, pola necesidade de verificar a súa cobrabilidade, deberán ser obxecto dun seguimento constante, de tal xeito que se vaian tramitando os expedientes de anulación na medida en que se teña o coñecemento de que o saldo non é realizable.

Conclusión

Á vista dos resultados das magnitudes e dos indicadores máis relevantes, hai unha estabilidade-normalidade en relación co ano anterior.

As magnitudes do Remanente de Tesourería, Resultado orzamentario e Aforro Neto son todas positivas.

En canto a dependencia da entidade matriz, experimentou un incremento respecto do exercicio anterior, aumentando sensiblemente a dependencia do Concello. Debe terse en conta que hai unha parte do estado de gastos do Organismo Autónomo que pasa ao Concello pola transferencia de persoal.

Tramitación.

As Entidades Locais, no caso que nos ocupa, o Organismo Autónomo, deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte ao que se liquida (Art. 191.3 TRLRHL).

En canto á tramitación, a aprobación da liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo, previo informe da Intervención Xeral ou Intervención Delegada, a proposta do Sr. Presidente, será remitida a Entidade Local para súa aprobación polo Presidente da Corporación (artigos 192.2 TRLRHL e 90.1 do R.P.).


Da liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre (artigo 193.4 TRLRFL e artigo 90.2 R.P.).



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 99 de 100
EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Remítanse copias das Liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes de rematar o próximo mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión ao MINHAP, farase segundo o previsto na Orde 2105/2012 e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

En Vigo, a data da sinatura electrónica
Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral

	Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/02/2020 11:39	Páxina 100 de 100
	EXPEDIENTE 12225_407	CSV: 21EEEF-2AA1E9-EDED4C-QD9H72-1XLM9E-H7	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		